



Manual de uso

Curso aula virtual

Neste curso tes os contidos da materia Investigación e tratamento da información desenvolvidos en 7 capítulos.

- ◆ Recursos comúns
- ◆ Tócaa de novo Sam
- ◆ A Gioconda
- ◆ 2001 Unha Odisea no espazo
- ◆ The Golden Gate
- ◆ Maus
- ◆ A Cizaña

Podes acceder a este curso ou aula dende calquera ordenador con conexión a internet utilizando calquera navegador.

Para visualizar algúns contidos deberás ter actualizado o navegador e nalgún momento pode suxerir que actualices algún plugin ou complemento.

En cada capítulo aparecen primeiramente os contidos.

Cada bloque de contido ten un panel de navegación polo cal podes moverte, deberás ler o que che conta e facer as prácticas que che pide.

Atoparás videotitoriais, audios, enlaces a videos de youtube, presentacións e outros recursos. Accede a eles tantas veces necesites para entender os conceptos que se tratan.

En segundo lugar aparecen os espazos para subir as tarefas que se piden. Debes estar atenta e atento ás datas de inicio e vencemento que establecerá o/a profesor/a

Ibook

Estes materiais tamén os poderás ter en formato Ibook.

Este libro é unha creación *dixital multitouch* realizado con **iBooks Author**, a ferramenta gratuíta deseñada por **Apple** para a creación de libros dixitais interactivos que poden ser visualizados en:

- ◆ A plataforma Apple de escritorio, coñecida como Macintosh. É necesario contar co sistema operativo macOS Mavericks ou posterior.
- ◆ A plataforma iOS, na que se atopan o iPhone e o iPad. É preciso utilizar iOS 6 ou posterior.

Para poder lelo dende calquera deles, o máis sinxelo e efectivo é descargalo dende a aula virtual no teu dispositivo, de xeito que o sistema operativo xa o gardará na app “iBooks” para a súa posterior lectura. Ten en conta que o libro pesa máis de 500 MB polo que a descarga levará un tempo que variará da túa velocidade de conexión a Internet.

Este libro permitirache poder acceder tanto ao contido audiovisual que permanece no propio libro como o que está aloxado na Rede, ademais de moito material interactivo. Para acceder a el, só tes que tocar cos dedos sobre calquera elemento do libro!!

Outra funcionalidade interesante é o glosario, cando vexas unha palabra que non coñezas e que se atopa entre corchetes, como por exemplo **[termo]**, só tes que pulsar sobre ela e abrírase una ventá contextual coa súa definición, definición que se atopa no “*glosario*”. Tamén podes acceder a este “*Glosario*” con todas as definicións no primeiro capítulo do libro.

Igualmente podes coñecer o significado doutros termos coas instrucións seguintes:

macOS	iOS
Pulsa con tres dedos sobre a palabra	Resalta a palabra pulsando co dedo sobre ela
Resaltarase en cor alaranxado	Selecciona “consultar” do menú contextual
Aparece a ventá contextual coa definición contida nos dicionarios do sistema operativo, incluíndo buscas na Rede e servizos como Wikipedia.	

Tamén podes subliñar texto, tomar notas e incluso crear tarxetas de memorización.

Cada capítulo conta con diverso material que podes visualizar, para iso deberás tocar todo, calquera obxecto pode ser un contedor de información textual ou audiovisual.